



Avaliación da capacidade de control de malas herbas en cultivo de millo utilizando restos de *Tradescantia fluminensis* Vell. como enmenda orgánica.

Víctor López Sayáns

José Carlos Souto Otero


CURSO 2021/22

RESUMO:

A alelopatía é a propiedade que teñen algunhas plantas para producir substancias químicas que alteren o desenvolvemento doutros individuos. A finalidade deste traballo é a de estudar as propiedades alelopáticas da *T. fluminensis*, e de determinar o mellor xeito de empregar estas para o control de malas herbas, dándolle así un uso á súa biomasa, e reducindo, eventualmete, o uso de herbicidas.

Para este estudo realizamos 3 experimentos:

- **Bioensaio de xerminación:**
Colocamos en placas Petri sementes de diferentes especies e regamolos con extractos de *T. fluminensis* para avaliar o seu efecto sobre o éxito na xerminación.
- **Bioensaio de crecemento:**
Colocamos desta vez, sementes xa xermidas en placas Petri, volvéndolles a aplicar o tratamento e avaliamos o seu efecto sobre o crecemento das plántulas.
- **Ensaio control malas herbas:**
Finalmente incorporamos restos da planta en substrato, onde sementamos millo e malas herbas, para avaliar o efecto sobre o desenvolvemento dos mesmos.



Resultados:

Nos bioensaios, conseguimos reducir a taxa de xerminación nun 34% e o crecemento nun 75,5%.

Por outra parte no ensaio de control de malas herbas non só non obtivemos ningunha redución do crecemento das mesmas, senón que os anacos de *T. fluminensis* introducidos forn capaces de rebrotar.